



**(EN) FOCO ondas de inspiración**

**VENRES 8 MARZO 2024**

Auditorio de Galicia, 20:30 h

**REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA**

**Johanna Malangré**, directora

**Rosa Fernández**, musicóloga

f i a n d o   h i s t o r i a s

**MIGRACIONES**

## PROGRAMA

I

### JACOBO GASPAR (1975)

De mar a mar\*

\*Encarga RFG. Estrea absoluta.

### IGOR STRANVINSKY (1882-1971)

Danses Concertantes K063

*Marche-introduction*

*Pas d'action*

*Thème varié*

*Pas de deux*

*Marche-conclusion*

II

### ROBERT SCHUMANN (1810-1856)

Sinfonía núm. 2 en Do Maior, op. 61

*Sostenuto assai; Allegro ma non troppo*

*Scherzo: Allegro vivace*

*Adagio espressivo*

*Allegro molto vivace*

---

Duración aproximada do concerto: 85 minutos (con pausa)

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

# REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Baldur Brönnimann é, desde 2023, o seu director titular e artístico; Sebastian Zinca o seu director asistente e Joana Carneiro a principal directora convidada. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

## DIRECTORA

Johanna Malangré

## MUSICÓLOGA

Rosa Fernández

## VIOLÍNS I

James Dahlgren

(concertino)

Adriana Winkler

(axuda de

concertino)

Anca Smeu \*\*

Daniel Kordubaylo

Victoria Jurov

Anna Alexandrova

Michal Ryczel

Ildiko Oltai

Yulia

Petrushevskaya

Roger Beryó \*\*\*

## VIOLÍNS II

Grigori Nedobora \*

Nikolay Velikov \*\*

Samira Ajkic

Helena Sengelow

Kiyoko Ohashi

Elina Viksne

Irina Gruia

Enrique Roca

David Poghosyan \*\*\*

## VIOLAS

Natalia Madison \*

Ionela Ciobotaru \*\*

Timur Sadykov

Iriana Fernández

Oxana Bakulina

Anne

Schlossmacher

Ignacio Marino

Gema Gallardo \*\*\*

## VIOLONCELLOS

Plamen Velev \*

Barbara Switalska \*\*

Thomas Piel

Carlos García

Manuel Lorenzo

Millán Abeledo

Jordi Villanueva \*\*\*

## CONTRABAIXOS

Carlos Méndez \*

Alfonso Morán \*\*

Amador Del Pozo

## FRAUTAS

Laurent Blaiteau \*

Luis Soto

## ÓBOES

Christina Dominik \*

Esther Viúdez \*\*

## CLARINETES

Vicente López \*

Víctor Lardiés \*\*\*

## FAGOTES

Manuel Veiga \*\*

Juan Carlos Otero \*

## TROMPAS

Alfredo Varela \*

Xavier Ramón \*\*

Jordi Ortega \*

Pablo Pazos (R)

## TROMPETAS

Ramón Llàtser \*\*

Roberto Bolaño (R)

## TROMBÓNS

Arturo Centelles (R)

David M. Rodríguez

(R)

Brais Molina (R)

## TUBA

Miguel Franqueiro

(R)

## TIMBAL / PERCUSIÓN

José Vicente Faus \*

Sergio Sanchís (R)

\*principal | \*\*coprincipal | \*\*\*EAEM (Curso Avanzado de Especialización Orquestral) | (R) reforzo

## BIOGRAFÍAS

### Johanna Malangré

#### Directora

En setembro de 2022 Johanna Malangré foi nomeada directora titular da Orquestra Nacional de Picardie. Actualmente tamén é directora asistente da Orquestra Contemporánea do Festival de Lucerna e directora musical da Orquestra do Festival Hidalgo. A directora alemá destaca pola súa musicalidade contaxiosa e o seu liderado imaxinativo. Atópase abrindo novos camiños cos seus programas non convencionais e novos formatos de concertos destinados a presentar a música orquestral clásica a un público máis diverso. Despois dunha clase maxistral coa Orquestra Sinfónica da Cidade de Birmingham, os músicos eloxiárona como "unha directora natural". Os seus próximos debuts inclúen proxectos coa Orquestra Filharmónica de Kiel, Orquestra Sinfónica de Wuppertal, Orquestra Lamoureux, Orquestra Sinfónica de Lucerna, Orquestra de Cámara de Viena e Orquestra de Bretaña. No Concurso de Composición Mawoma en Viena, en 2019, Johanna recibiu o primeiro premio e o premio de orquestra

da man dun xurado presidido polo director do Teatro alla Scala, Dominique Meyer. Comezou a súa carreira na Ópera de Cámara de Colonia como directora asistente colaborando en numerosas producións. No pasado dirixiu producións de *Rusalka* e *A nozze de Figaro* e traballou coa Orquestra do Teatro Estatal Cottbus e a Orquestra da Corte de Meiningen. Foi directora asistente da Bergische Symphoniker na tempada 2016/2017. Graduada da recoñecida clase de dirección do profesor Johannes Schläfli en Zúric, Johanna foi instruída por mentores como Bernard Haitink, Paavo Järvi, Nicolas Pasquet e Reinhard Goebel.

## ROSA FERNÁNDEZ

### Musicóloga

A musicóloga Rosa Fernández será a encargada de presentar o concerto. É catedrática de Música de Bacharelato, académica correspondente por Barcelona da Real Academia de Bellas Artes de San Fernando de Madrid e académica da Real Acadèmia Catalana de Belles Arts de Sant Jordi. É doutora cum laude en Musicoloxía pola Universitat Autònoma de Barcelona (UAB), licenciada en Xeografía e Historia pola Universidad de Oviedo, mestrada en Dereito con especialidade en Estudos da Unión Europea pola Universidade da Coruña e mestrada en Operacións de Intelixencia pola Universidad de Madrid. Investigadora en ópera da Università degli Studi dei Milano, do Institute de Recherche en Musicologie (IReMus) da Sorbonne Université (París) e da Université Paris 8. Publicou libros e numerosos artigos de investigación en universidades de Barcelona, Valencia, Milán, París, Lisboa e Nova York. É membro da European Society of Aesthetics (Turín), xurado dos Premios da Música Iberoamericana Tomás Luis de Victoria

e do Premio Internacional de Composición Andrés Gaos da Coruña. Profesora de doutoramento do programa Música e Transculturación da Universidade de Santiago de Compostela (USC). Impartiu numerosos cursos e conferencias en distintas institucións, como o Collège d'Espagne en París, o Instituto Cervantes de Bruxelas, o CGAC, a Biblioteca Nacional de Catalunya, a Consellaría de Educación da Xunta de Galicia, o Teatro Real de Madrid, o Auditorio de Galicia ou o Festival Internacional de música Cristóbal Halffter. Profesora titora do Mestrado de Formación do Profesorado de Música da USC; dirixiu máis de 10 congresos de musicoloxía, dramaturxias audiovisuais e teoría das culturas contemporáneas e é membro de tres grupos de I+D+i (O fondo antigo da Catedral de Barcelona conservado na Biblioteca Nacional de Cataluña, da UAB; Orixes e articulación da musicoloxía hispánica en Europa, da UAB e Fondos Documentais nos arquivos civís de Galicia, da USC).

## NOTAS AO PROGRAMA

*Ondas de inspiración* é o título do segundo concerto do ciclo (EN)FOCO no que a Real Filharmonía, baixo a batuta de Johanna Malangré, interpretará obras de Jacobo Gaspar, Igor Stravinski e Robert Schumann.

O programa desta noite comeza coa estrea absoluta da obra *De mar a mar* do compositor galego Jacobo Gaspar (1975). Natural de Mos (Pontevedra), realizou estudos superiores de composición en Vigo e Aragón e é doutor en Musicoloxía, ademais de licenciado en Ciencias Económicas. Actualmente, forma parte do departamento de composición do Conservatorio Superior de Vigo e nos últimos anos recibiu numerosos galardóns en distintos concursos nacionais e internacionais: Premio Xavier Montsalvatge no XX Premio Jóvenes Compositores Fundación Autor-CDMC (Madrid), 1º Premio na VI International Jurgenson Competition for Young Composers (Moscova), os Premios Especial e do Público no Premio Internacional de Composición Isang Yun Prize 2013 (Seúl), a mención de honra no Premio Valentino Bucchi-

Parco della música (Roma) ou o premio no VIII Concurso Internacional de Composición da Póvoa de Varzim (Portugal). O seu estilo caracterízase pola procura dunha nova relación entre son e música, a expansión dos medios e técnicas instrumentais, a transformación da experiencia auditiva e as novas liñas de traballo cos intérpretes. A obra *De mar a mar* nace do encargo realizado pola Real Filharmonía para a súa estrea no marco da actual temporada denominada 'Migracións', temática coa que se debía relacionar dalgún xeito. Xorde así esta peza que intenta, a través dunha especie de travesía mariña, referirse á migración dende unha dobre perspectiva: por un lado, a translación física que implica este fenómeno (de feito o título é o nome dunha revista dirixida por Lorenzo Varela na Arxentina nos anos 40, nunha clara homenaxe á emigración galega); e por outro, unha metáfora da viaxe mental que implica un cambio de paradigma ou mentalidade como o que vivimos nestes últimos anos de incerteza. Gaspar define tres niveis estruturais na obra. O primeiro

é a macro-forma ou estrutura xeral, que pretende reflectir a idea da viaxe de beira a beira: unha primeira sección na que teremos unha visión do mar en calma dende terra e a introdución paulatina nel; a segunda sitúanos xa no medio do océano, onde nos asaltarán ondas que nos mergullarán; e na terceira, unha gran onda lévanos ao outro lado e volvemos a divisar o mar en calma dende a costa. O segundo nivel estrutural son as diferentes frases ou ideas musicais concibidas como ondas. Por último, no nivel máis concreto está o tipo de material sonoro ou musical empregado, entre o que cabe destacar o ruído branco para emular o son do mar ou a introdución de trinos e *glissandi* coa intención de transmitir a idea de fluidez da auga.

A continuación, escoitaremos as *Danses Concertantes K063* de Igor Stravinski (1882-1972), unha das figuras claves da música do século XX. Dende moi novo o seu periplo vital e os acontecementos que marcaron as primeiras décadas do século pasado convertérono nun

eterno emigrante, dende a súa Rusia natal a París, para logo pasar os anos da Primeira Guerra Mundial en Suíza, despois volver a Francia por un tempo, e emigrar definitivamente aos Estados Unidos de América, país no que permaneceu ata a fin dos seus días. A súa traxectoria compositiva acostuma a dividirse en tres etapas: unha primeira, nacionalista rusa denominada con frecuencia “primitivista” e moi influenciada pola súa formación con Korsakov, na que compuxo algúns dos seus ballets máis coñecidos como *O paxaro de lume*, *Petrouchka* ou a *Consagración da Primavera* en colaboración co director dos Ballets Rusos Sergei Diaghilev; a segunda, neoclásica, caracterizada por unha mirada cara ao pasado e a recuperación de esquemas formais e elementos estilísticos de épocas pretéritas (*Octeto para ventos*, *Pulcinella*); e por último, a súa etapa ecléctica, xa en América, onde abraza distintas correntes como o Serialismo e se achega a outros estilos musicais, especialmente ao jazz (*Ebony Concerto*). As *Danzas Concertantes* foron compostas entre

## NOTAS AO PROGRAMA

1941 e 1942 por encargo de Werner Janssen para o seu conxunto instrumental. Este traballo foi estreado en Los Ángeles o 8 de decembro de 1942 baixo a dirección do propio compositor. Trátase dunha obra de circunstancias froito do ambiente artístico que se vivía nesta cidade, na que ademais de Stravinski, estaba asentada moita da elite intelectual e cultural europea que fuxira do nazismo. As *Danzas Concertantes* están escritas para unha orquestra de cámara conformada por 24 músicos e naceron como música de concerto. Dous anos máis tarde, a obra foi coreografiada por George Balanchine e estreada en Nova York o 10 de setembro de 1944 polo Ballet Ruso de Monte Carlo. A súa estrutura está dividida en cinco partes: *Marcha-Introdución* (onde destacan os solos instrumentais na trompeta e o violín), *Paso de acción* (con abundantes cambios de compás), *Tema variado* (unha breve melodía e catro pequenas variacións dela), *Paso a dous* (de carácter alegre, presenta unha complexa técnica compositiva) e *Marcha Conclusión* (que consiste

nunha repetición condensada do inicio). Os cinco movementos son bastante breves xa que o autor sinalaba a limitación da capacidade de atención do ser humano, unha problemática moi de actualidade e agravada polo efecto das novas tecnoloxías e as redes sociais.

A última obra do programa de hoxe é a *Sinfonía núm. 2 en Do M, Op. 61* de Robert Schumann (1810-1856), un dos grandes compositores do Romanticismo musical. Inicialmente dirixiu os seus esforzos a consolidar unha carreira como virtuoso do piano, formándose con Friedrich Wieck, quen sería logo o seu sogro, despois do seu casamento coa brillante pianista e compositora Clara Wieck. Unha desgraciada lesión nun dedo da man dereita, seguramente motivada polo emprego dun artefacto inventado polo propio Schumann para gañar independencia no anular, levouno a reconducirse cara á composición e outras facetas como a pedagogía ou a crítica musical. Ao longo da súa vida o compositor sufriu graves problemas mentais e rematou os seus días ingresado nun centro



psiquiátrico. O máis destacado da súa produción son sen dúbida as obras para piano e os ciclos de *lieder*, porén as súas catro sinfonías forman parte habitual das programacións orquestrais. Esta noite escoitaremos a catalogada como segunda sinfonía (aínda que cronoloxicamente é a terceira), que para moitos é a mellor das catro que escribiu. Dedicada ao rei Óscar I de Noruega e Suecia, foi esbozada en 1845 despois de rematar o *Concerto para piano*, pero non a concluíu ata o ano seguinte. A estrea tivo lugar o 5 de novembro de 1846 na Gewandhaus Concert de Leipzig baixo a batuta de Felix Mendelssohn, amigo do compositor. A obra foi escrita despois dunha grave crise mental do autor e serviulle como terapia tal e como el mesmo confirmaba: “podo dicir sen dúbida que é a resistencia do espírito o que aquí se manifesta e que intentei loitar contra o meu estado de saúde”. Deste xeito, a sinfonía enmascara certa idea de loita e superación e un dos biógrafos de Schumann, Frederick Niecks, explica os catro movementos que a conforman como unha evolución do seu

estado mental: o primeiro movemento sería a loita contra os poderes do mal; o segundo, a indecisión e a pasividade; o terceiro, a resignación á pregaría e o agradecemento; e o cuarto, o triunfo e inicio dunha nova etapa vital. O máis destacado a nivel musical é a relación temática entre movementos, o emprego dunha orquestración bastante clásica e a pegada do influxo de Beethoven. O primeiro movemento iníciase cunha introdución lenta na que escoitamos tres temas, o primeiro dos cales, presentado polos metais e de carácter solemne e maxestoso, vai reaparecer en distintos momentos da obra (na parte final deste movemento, no segundo e no cuarto). Despois dunha transición dá comezo o *Allegro*, coa habitual forma sonata e as súas tres seccións (exposición, desenvolvemento e recapitulación). Neste caso, tanto na exposición como na recapitulación, hai tres temas que derivan dos escoitados na introdución. O segundo movemento, *Scherzo*, transmítenos unha idea de *perpetuum mobile* (movemento continuo) e nel atoparemos dous tríos: o primeiro de carácter

## NOTAS AO PROGRAMA

vitalista e lixeiro con dous temas diferenciados, un interpretado polas trompas e as madeiras e o outro polas cordas; o segundo trío, moito máis lírico, recorda a unha obra de música de cámara. Seguidamente, o *Adagio* en do menor mergúllanos nunha atmosfera de nostalgia e melancolía que en palabras de Schumann era “unha evocación dos días difíciles”. Sobresae unha melodía de gran tenrura interpretada polos violíns e logo polo óboe e na parte central nos baixos un motivo ascendente que expresa unha idea de anhelo. No final do movemento atopamos unha modulación a Do Maior que adianta un cambio no estado de ánimo. A sinfonía remata cun *Finale* exultante e triunfal, unha especie de berro afirmativo fronte ao abismo. A nivel estrutural volvemos a estar diante dunha forma sonata (exposición-desenvolvemento e recapitulación), pero esta vez formulada dunha maneira bastante libre. Na exposición temos tres temas: o primeiro pretende ser unha homenaxe á *Sinfonía Italiana* de Mendelssohn, o segundo é unha transformación

do tema do *Adagio* e antes do terceiro volvemos a escoitar o primeiro. Logo, no desenvolvemento aparece unha cita dun lied de Beethoven (*Á amada afastada*). Na recapitulación omítese o primeiro tema e no seu sitio sona de novo a cita do xenio de Bonn ademais de recuperar dous dos temas da introdución do primeiro movemento, en todo un alarde de coherencia arquitectónica musical.

Naveguemos pois neste mar musical de ondas inspiradas.

**CARME TUBÍO BARREIRA**



---

## AUDITORIO DE GALICIA

Avenida do Burgo das Nacións, s/n  
15705 Santiago de Compostela

## DESPACHO DE BILLETES

AUDITORIO 981 571 026 | 981 573 979

ZONA C 981 542 462

## OFICINAS

981 552 290 | 981 574 152

---

[rfgalicia.org](http://rfgalicia.org)

[compostelacultura.gal](http://compostelacultura.gal)

---

## INSTAGRAM

@realfilharmoniadegalicia

@compostelacultura

## FACEBOOK

RealFilharmoniadeGalicia

CompostelaCultura

## TWITTER

@rfgalicia

@CCultura

---

# PRÓXIMO CONCERTO

## sons latinoamericanos

**XOVES 14 MARZO**

Auditorio de Galicia, 20:30 h

### CONVERSANDO CON...

Baldur Brönnimann e Darío Solari

Sala Mozart, 19:45 h

**Baldur Brönnimann**, director  
**Darío Solari**, barítono/narrador

- José Pablo Moncayo: Huapango (ver. cámara)
- Vicente Ascone: Cinco canciones al estilo popular rioplatense
- Alberto Ginastera: Estancia, op. 8 (ballet completo)
- Adolfo Mejía: Acuarela
- Arturo Márquez: Danzón núm. 2

*Ao rematar, servirse un viño cortesía de Galicia Calidade*